

Resolución de celebración de sorteo

Con data do 23 de maio de 2008 ,

CONST. COTO RIBADEO, S.L.

solicitou o sorteo das vivendas de protección autonómica correspondentes ao expediente L-VX-0027/06 , situadas no concello BURELA , ao abeiro da Orde do 29 de xaneiro de 2007 e consonte coa Orde do 31 de marzo do 2008, pola que se constitúe o Rexistro Público de Demandantes de Vivenda protexida de Galicia

De acordo co establecido no artigo 10 da orde mencionada, e facendo uso das súas competencias, o delegado da Consellería de Vivenda e Solo na provincia de Lugo ACORDA:

1. Fixar a data do sorteo das vivendas que figuran no expediente L-VX-0027/06 para o día 17 de xuño de 2008 .
2. Que entrarán no devandito sorteo as solicitudes con credencial expedida ata a data desta resolución.
3. Sortearanse as diferentes quendas atendendo á seguinte orde: primeiro, a quenda de mobilidade reducida; segundo, a quenda de familia numerosa e persoas con discapacidade ou dependentes a cargo e, en último lugar, a quenda xeral. Os que resulten como adxudicatarios nunha das quendas non participarán nas seguintes. Os que aparezan nunha lista de reserva, se resultasen adxudicatarios no sorteo das quendas seguintes, serán dados de baixa na lista de reserva.
4. Dentro das mesmas quendas sortearanse as vivendas atendendo ao número de dormitorios, primeiro as de maior número deles. Os que resulten adxudicatarios non participarán nos seguintes sorteos.

Lugo, a 11 de xuño de 2008

O delegado provincial

Cosme Eladio Pombo Rodríguez